

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de decembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das sesión s da Xunta de Goberno Local ordinarias do 8, 15, 22 e 29 de novembro de 2023.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

1. ALCALDÍA.- Acórdase a aprobación do plan de autoprotección da Cabalgata de Reis 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para demolición dun edificio de planta baixa e unha planta alta e cuberta, na rúa Río Parga, número 4, (expte:2023/Y001/000112).

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para construción de almacén agrícola anexo a vivenda, en Canedo de Abaixo, número 3, O Burgo.

Do mesmo xeito, no expediente de regularización tributaria exp. denegación

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4309635887653761877.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-12-2023

licenza urbanística para a construción de vivenda unifamiliar vinculada a explotación agropecuaria, en Varadas, Santa Comba, acórdase adialo para un mellor estudo.

Tamén se acorda a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a reforma de vivenda tradicional en Tellado, número 22, Parroquia de Romeán.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a delegación de competencias na tenente delegada da Área de sostibilidade urbana e recursos internos para a adopción dos actos resolutivos e de trámites dos expedientes de contratación en tramitación así como prórrogas dos contratos e ata o 31 de decembro de 2023.

Tamén se acorda a incoación de expediente de resolución da concesión do uso privativo dos espazos necesarios na Praza Maior e na Praza de Santo Domingo para a instalación de quioscos-latrina. exp. ref. 2022-C005-000014.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado 9. contratación da obra de acondicionamento do entorno urbano entre as rúas de Cidade de Viveiro e Frei Plácido Rei Lemos, Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2023/C002/000013.

5. PERSOAL.- Acórdase a adopción do compromiso de consignación no exercicio 2024 dos nomeamentos interinos pòr quendas do nadal e de vacacións anuais para a cobertura de técnicos/as de educación infantil na EIM Gregorio Sanz e Serra de Outes e dun operario de Cemiterio.

Acórdase a estimación dunha solicitude de abstención e modificación do acordo 21/742 de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de celadores/as de colexio público pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.